

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Fernando Pereira Caamaño, a Luís Seoane do 05/06/1972

Colección:

Data: 05/06/1972

De:

Fernando Pereira Caamaño;

Para:

Luís Seoane;

Orixe:

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

Orixe:

18 de Julio (Avenida), 966 - Local 102 (de enderezo), Montevideo (local), Montevideo (departamental)

Destino:

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

Destino:

Montevideo, 1985, 13º (de enderezo), Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada con firma autógrafa e co membrete:] PATRONATO DA CULTURA GALEGA / 18 de Julio, 966-Local 102 / MONTEVIDEO.

Temáticas:

Artes; Artes visuais; Emigración; Galería Losada (Montevideo); Literatura; Migracións; Xornadas da Cultura Galega. Patronato da Cultura Galega de Montevideo;

Mencionados:

Castelao; Isaac Díaz Pardo; Eladio Dieste; Xosé Luís Méndez Ferrín; Maruxa Seoane;

Transcripción da epistola de Fernando Pereira Caamaño, a Luís Seoane do 05/06/1972

Montevideo, 5 de xuño de 1972

Sr. Don
Luis Seoane
Montevideo 1985
BOS AIRES

Benquerido irmán:

Dimpois de falar con vostede por teléfono, quedei moi inqueda. Voltei a ver a Eladio Dieste, quen me dixo teistualmente: “Seoane pasouse a vida empurrando a tódolos Diestes; agora tócalle a una Dieste empurrar a Seoane...”. Sostén que se pode levar a cabo un coloquio sobor un tema determiñado do arte galego, que pode sere de grandeiro intrés. Na Galería Losada están tamén con moitos desexos de que se efectúe (sería na Sala de Eispósitos, que queda acollidora e axeitada pra conferencias ou mesas dese tipo).

Ademais do mais sinceiro afeito, sinto por vostede o meirande respecto, en tódolos ordes. Por todo elo, teño a pequena obriga moral de decirlle (denantes de que toma unha decisión definitiva) que vostede é un amenísimo disertante. Aínda hoxe se recorda, con verdadeiro pracer, se súas intervencións no sonado aito de Castelao, no que a figura central foi un señor que non sabe falar en púbrico que se chama Luis Seoane... En fin, prégoille que o pense. Si a resolución fora afirmativa, díganos o tiduo. De calquera xeito, agardamos a resposta con urxencia, posto que o programa das xviii Xornadas de Cultura Galega está pendente deste dato.

Adxúntolle o libro de Heriberto Bens, acabado de saír (coma quen di) do forno. Coido que quedou fermoso. Xa lle remesei, por avión, un exemplar ó autor. Sería comenente que nos dixera (ademais de a Díaz Pardo) a quen convén que lle mandemos algún.

Non tiña papel a man, por iso escribolle no do Patronato. E nada máis, como non sexa que, tan logo teñamos a súa contestación, enviáremoslle o devandito programa. Pro xa lle adiantamos que o seu homaxe será o domingo 30.

Sáudos querendosos pra Maruxa. E vostede reciba a aperta máis fonda de

Pereira

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.